

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE AGOSTO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de agosto de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de Agosto do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Angel Manuel Fernández González**, con domicilio na rúa Porta Nova de Abaixo nº31,1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 10, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-Da Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, Resolución de data 9 de agosto, concedendo subvención para levar a cabo programas de Educación Familiar, por importe de 7.509,25 euros.

-Da Delegación de Economía e Facenda, comunicando procedemento para a renovación dos representantes locais nos consellos territoriais da Propiedade Inmobiliaria.

-Do Instituto Galego de Consumo, Resolución de data 31-07-07, concedendo subvención para o funcionamento e mantemento da Oficina Municipal de Información o Consumidor, por importe de 5.849 euros.

-Convenio de Colaboración entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia UNED) e o Concello de Ribadavia para a realización de prácticas no Aquivo Municipal de Ribadavia dos alumnos do Curso de Postgrao de Especialista Universitario en Archivística.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o convenio suscrito entre a FEMP e a Sociedade Xeral de Autores de data 29 de outubro de 1996. Asi mesmo, acordan solicitar a adhesión do Concello o devandito Convenio.

APROBACIÓN DE PROXECTO E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONCURSO PARA ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ELIMINACION DE RECHEOS DE TERRAZAS EXTERIORES E ALJIBE DO CASTELO DOS SARMENTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, adopta os seguinte acordos:

Primeiro: Aprobar o Proxecto Básico e de Execución de actuación para Eliminación de recheos e terrazas exteriores e aljibe do Castelo dos Sarmiento redactado polos arquitectos, don Miguel Angel Calvo Salve e dona Maria Jesús Blanco Piñeiro, e cuxo orzamento de execución por contrata ascende a 200.000 euros.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación e con el o Prego de cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante concurso con procedemento aberto, en trámite de urxencia, as obras denominadas "Eliminación de recheos de terrazas exteriores e aljibe do Castelo dos Sarmientos", do Concello de Ribadavia, o cál achase no expediente, e que ten as seguintes características:

CADRO DE CARACTERISTICAS DE CONTRATO:

1.-Proxecto: Eliminación de recheos de terrazas exteriores e aljibe do Castelo dos Sarmientos .

2.-Presuposto: 200.000 euros.

A) Obras anuais: 200.000 euros (Total IVE incluído)

3.-Financiación: Ministerio de Cultura. A obra é financiada polo Ministerio de Cultura (Dirección Xeral de Bellas Artes e Bens Culturais).

4.-Prazo de execución: 5 meses.

5.-Clasificación: Grupo, K, Subgrupo 7, Categoría d.

6.-Lugar de presentación de ofertas: Concello de Ribadavia.

7.-Prazo de presentación de proposicións: trece días naturais a contar do día seguinte ó de publicación do anuncio no BOP, en horas de nove a trece horas.

8.-Garantía provisional: 2% do prezo de licitación.

9.-Garantía definitiva: 4% do prezo de adjudicación.

10.-Taxas do contrato: Claúsula 28 do Prego.

11.-Revisión de prezos: non procede

12.-Control de calidade: Claúsula 29 do Prego.

13.- Apertura de plicas: As 12 horas do terceiro día seguinte hábil (agás os sabados) a aquel no que termine o prazo de presentación de ofertas.

Outros datos:

Información teléfono: Concello de Ribadavia, Praza Maior nº 4. Tfno. 988477100. Fax 988477101.

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Concello de Ribadavia.

Terceiro: Xustificar a tramitación de urxencia debido ao prazo previsto para xustificar a subvención nominativa concedida polo Ministerio de Cultura (Dirección Xeral de Bellas Artes e Bens Culturais) Programa Presupostario 337B, capítulo 7 do Orzamento de 2007.

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder as subvencións que de seguido se relacionan e polos importes que se indican:

-Futbol Club Ribeiro (organización do III Campus de Futbol-base do Ribeiro): 300 euros.

A concesión das subvencións rexerese pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación aos fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

